

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de outubro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael del Barrio Berbel, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a adxudicación na contratación da obra “Mejora de la accesibilidad en Fingoi de Abaixo”. Exp. ref. 2021-C002-000043.

**2. FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Lugo para a financiación e contratación conxunta do servizo: realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas.

**3. PERSOAL.-** Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a doce prazas de bombeiro/a condutor pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (3 incluídas na Oep 2017, 3 incluídas na Oep 2018 e 6 incluídas na Oep 2020).

Tamén se acorda a cobertura temporal por comisión de servizo do posto de letrado/a asesor/a do Excmo. Concello de Lugo.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase aprobar a solicitude de devolución presentada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por terse declarado a caducidade da licenza de obras número 551/2012 outorgada para construír un edificio na rúa Mondoñedo, 46-48, esquina rúa Lamas de Prado.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac1746507454733286351.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-10-2021

**5. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a aprobación das seguintes licenza urbanística: para demolición de vivenda unifamiliar na rúa Pintor Luis Seoane, número 16 A. (expte: 2021/Y001/000237); para a reestructuración de edificio para establecemento hotelero, na rúa Nova, número 21. (expte: 54/19); para a construción dun anexo para uso privado de garaxe e almacén, vinculado a unha vivenda unifamiliar tradicional no núcleo rural 17.2 de Fazai-A Viña, número 34, parroquia de Carballido, (expte: 232/18); para reforma interior de nave, construída con licencias 1208/01 e 406/04 e ampliación das instalacións de industria de fabricación de platos preparados para hostelería e catering, na rúa dos Carpinteiros, parcela 8, Polígono Industrial do Ceao (expte: 2021/Y001/000213) e para licenza urbanística para demolición de nave en estado ruinoso, sita na rúa dos Canteiros, número 15, (expte:2021/Y001/000261).

Acórdase a toma razón de sentenza firme número 141/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Lugo, no procedemento ordinario 441/2019, interposto pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. (Expte: 129/2018).

**6. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación definitiva "Proxecto de urbanización da do quinteiro 214A de o Pepri de Lugo". Pu-222.

### ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

**7. DEPORTES.-** Acórdase a adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de "Ensino C.B."

Acórdase a iniciación e adxudicación de subvencións previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de "Triatlon Cidade de Lugo Fluvial"; a favor de "Fefeme"; a favor de "Club Fluvial"; a favor de "Escudería Miño"; a favor de "Gestop Rallye Team"; a favor de "Club Natación Portamiñá"; a favor de "Club Ciclista Cidade de Lugo"; a favor de "Estudiantes C.B." e a favor de "Club Emeve".

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**